



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL DO PLENO

### RESUMO DE ACORDOS DO PLENO ORDINARIO DO DÍA 6 DE MAIO DO ANO 2022

#### **1.- Aprobación das seguintes actas:**

- Sesión ordinaria do día 1 de abril de 2022
- Sesión extraordinaria urxente do día 7 de abril de 2022

Posta a aprobación das actas do Pleno das sesións ordinaria do día 1 de abril de 2022 e extraordinaria urxente do día 7 de abril de 2022, apróbanse por asentimento unánime.

#### **2.- Posta en coñecemento das resolucións ditadas dende a data de celebración do último Pleno e, en especial, dos seguintes:**

- Núm. 2786, do 31/03/2022, sobre delegacións das funcións da área de Servizos Sociais, na concelleira Ana María Fernández Morenza, para os días 1 e 2 de abril de 2022.
- Núm. 2787, do 31/03/2022, sobre delegacións das funcións da área de Turismo, Termalismo, Participación Cidadá e Xuventude, na concelleira Sonia Ogando Vázquez, para os días 1 e 2 de abril de 2022.
- Núm. 2943, do 06/04/2022, sobre delegacións das funcións da área de Urbanismo, Vivenda e Patrimonio, na concelleira Ana María Fernández Morenza, para os días 11, 12 e 13 de abril de 2022.
- Núm. 2993, do 08/04/2022, sobre delegacións das funcións da área de Servizos Sociais, na concelleira Flora Moure Iglesias, para o día 11 de abril de 2022.
- Núm. 3491, do 19/04/2022, sobre as áreas de goberno.
- Núm. 3694, do 25/04/2022, sobre as áreas de goberno.
- Núm. 3955, do 27/04/2022, sobre delegacións das distintas áreas de goberno.
- Núm. 3934, do 27/04/2022, sobre delegacións das funcións da Alcaldía na concelleira Sonia Ogando Vázquez, para asistir aos actos previstos para o día 22 de xuño de 2022 e asinar en representación do Concello de Ourense nos actos correspondentes ao levantamento de actas previas á ocupación dos bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica “Regulamentación LMTA SAC809 van entre apoios nº 41-6 e nº 41-7 Lugar Outariz”, Exp IN407A 2021/143-3, segundo a convocatoria recibida pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
- Núm. 4011, do 28/04/2022, sobre determinación, composición e funcionamento das Xuntas de Área.

O Concello Pleno deuse por informado dos decretos e resolucións da Alcaldía ditados dende a data de celebración do último Pleno.

**3.- Posta en coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local de 28 de abril de 2022, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local (XIV).**

**32.- Delegación de competencias da Xunta de Goberno Local (XIV). (Expte. Núm. 2022016384)**

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa proposta, por unanimidade dos asistentes (6 votos a favor), acordou:

**PRIMEIRO.- Delegar** con carácter xeral, sen prexuízo das delegacións específicas que se determinan no punto segundo, e unicamente no ámbito das materias propias da súa área ou delegación, na Alcaldía e nos concelleiros aos que se lles atribúen responsabilidades de goberno, as seguintes competencias da Xunta de Goberno local:

- a) O exercicio da potestade sancionadora en xeral e a adopción de medidas cautelares por incumprimento do disposto nas ordenanzas municipais, cando non estivese expresamente atribuída ao Alcalde por Lei, no ámbito das competencias que lles delegue a Xunta de Goberno Local en relación coa área ou servizo que lles atribúa, salvo os expedientes disciplinarios incoados ao persoal funcionario municipal por falta moi grave con proposta de separación do servizo que non resulta delegable.
- b) En xeral os actos de impulsión e mero trámite dos expedientes cuxa resolución final sexa competencia da Xunta de Goberno e esta non as teña delegado, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa.
- c) Contratación de carácter menor de acordo co establecido no orzamento municipal e as súas bases de execución (inclúe autorización e disposición). Asemade delégase, no seu caso, a designación do persoal municipal responsable do contrato.
- d) A solicitude, tramitación e xustificación de subvencións.
- e) A resolución dos expedientes de concesión de subvencións, premios e bolsas, en relación coa área ou servizo que se lle atribúa. Quedan exceptuadas as subvencións para a rehabilitación de vivendas nos ARRU declarados no termo municipal de Ourense, respecto das cales, a competencia permanecerá na Xunta de Goberno Local.
- f) Aprobación de convenios nos termos e formalidades esixibles na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, ou aquela que a veña a substituír, agás aqueles que conteñan obrigas de carácter económico para o Concello.
- g) Aprobación do plan de seguridade e saúde no traballo, correspondente ás obras nas vías e terreos de uso público, edificacións afectas ao servizo público ou calquera outro ben de carácter patrimonial.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

h) A resolución dos recursos de reposición que se presenten contra os decretos que se diten no exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Goberno local, conforme ó establecido no artigo 115.c) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.

**SEGUNDO.- Delegar** nos seguintes concelleiros e na Alcaldía, con carácter específico, as seguintes competencias:

**1.- Delegar no concelleiro don Jorge Pumar Tesouro en relación coa Área de MEDIO AMBIENTE:**

En materia de medio ambiente:

- 1.1- A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.
- 1.2- O exercicio da potestade sancionadora de conformidade co previsto no artigo 26 da ordenanza municipal reguladora de limpeza de terreos e soares e de protección contra incendios forestais.
- 1.3- Exercer a potestade sancionadora e a adopción de medidas cautelares e de execución subsidiaria en materia de disciplina ambiental, salvo que por Lei se atribúan a outros órganos municipais.
- 1.4- A aprobación dos proxectos de obras.

**2.- Delegar na concelleira dona Sonia Ogando Vázquez en relación coa Área de URBANISMO, VIVENDA E PATRIMONIO:**

2.1- En materia de urbanismo:

- a) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas para obras que non requiran proxecto técnico, conforme ó disposto na normativa vixente de ordenación da edificación.
- b) A tramitación, concesión, denegación ou revogación de licenzas urbanísticas de primeira ocupación.
- c) A tramitación, concesión, denegación e revogación dos títulos administrativos habilitantes de natureza urbanística para a instalación de carteis publicitarios.
- d) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas de ocupación da vía pública municipal e doutros bens de uso público municipal (guindastres, estadas, colectores de residuos de obra, etc...)
- e) Acordos sobre renuncia á súa utilización e transmisión de licenzas de contido urbanístico, formuladas polo titular das mesmas.
- f) A adopción de resolucións sobre devolucións de fianzas para responder de danos á vía pública na execución de obras ou na ocupación da vía pública.
- g) Tramitación de expedientes correspondentes a títulos habilitantes para a apertura, funcionamento, instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade recreativa, espectáculo público, económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, aínda

sexan de foma eventual ou de temporada, incluso en zonas privadas, suxeitas ao ámbito de competencias do Concello, segundo o establecido na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou calquera que veña a substituíla ou modificala.

- h) Tramitación e, no seu caso, resolución de expedientes de expedición de títulos habilitantes en materia urbanística nos supostos de declaración responsable e comunicación previa.
- i) Tramitación e emisión de requirimentos de corrección de deficiencias a actividades comerciais, industriais e profesionais cuxa instalación e funcionamento estivesen autorizados ou comunicados (incluídas as actividades cualificadas).
- j) Tramitación e, cando proceda, resolución dos expedientes para a instalación de rótulos comerciais vinculados a unha actividade.
- k) Desestímulo ou renuncia de solicitudes de tramitación de procedementos en materia urbanística.
- l) Declaración de caducidade por simple inactividade do interesado na cumprimentación de trámites indispensables para ditalar resolución, de conformidade co previsto na normativa sobre procedemento administrativo común.
- m) Subscribir convenios de colaboración previstos na lexislación urbanística para a execución das obras de urbanización nos distintos sistemas de actuación.
- n) Resolver sobre a recepción provisional e definitiva das obras de urbanización.
- ñ) Presidir o levantamento das actas previas nos expedientes de expropiación, así como as de depósito e ocupación, e as de mutuo acordo, pago e ocupación.
- o) Resolver sobre a devolución de fianzas e garantías depositadas para responder das obrigas urbanísticas.

## 2.2- En materia de patrimonio:

- a) A incoación e tramitación de expedientes administrativos de investigación, deslinde, recuperación de oficio e desafuizamento de bens, tanto de dominio público como patrimoniais de titularidade municipal.
- b) As competencias de incoación e instrución dos expedientes de responsabilidade patrimonial.
- c) Incoación, tramitación e resolución de accións de regreso contra os concesionarios ou contratistas por responsabilidade patrimonial cando o importe sexa inferior a 15.000 euros.

## 3.- Delegar no concelleiro don **José Mario Guede Fernández**, en materia de **DEPORTES**:

- As de carácter xenérico.

## 4.- Delegar na concelleira dona **Flora Moure Iglesias**, en relación coa Área de **TURISMO, TERMALISMO, PARTICIPACIÓN CIDADÁ e XUVENTUDE**:

- a) As de carácter xenérico.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

- b) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano.

**5.- Delegar na concelleira dona **Eugenia Díaz Abella** en relación coa Área de **SERVIZOS SOCIAIS**:**

5.1- En materia de asuntos sociais:

- a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: a tramitación e resolución en materia de concesións, tales como kioscos, revogación ou denegación de reservas de aparcamento e tarxetas de estacionamento á persoas con discapacidade.
- b) Tramitación e resolución en materia de concesión, revogación ou denegación de axudas económicas individualizadas non periódicas; do servizo de axuda no fogar; do servizo de teleasistencia domiciliar e do servizo do centro de día.
- c) Concesión directa de subvencións por motivos de interese humanitario debidamente xustificadas, que dificulten a súa convocatoria pública e teñan por beneficiario a persoas físicas, con importe igual ou inferior a 5.000 euros, segundo o disposto na Lei xeral de subvencións, na súa normativa de desenvolvemento e nas bases de execución do orzamento municipal aprobado para cada exercicio económico.

5.2- En materia de saúde:

- a) A concesión de calquera tipo de licenza ou autorización, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano. Inclúense no obxecto da delegación, entre outras: as licenzas por tenza de animais potencialmente perigosos; a concesión de dereitos funerarios e expedición de documentos acreditativos da titularidade dos mesmos, así como o cambio de titularidade; gravación de lápidas.
- b) Tramitación e resolución de expedientes relativos á xestión de animais recollidos no refuxio municipal de Eiroás; en particular, a declaración en vía administrativa da condición de animal abandonado conforme ao previsto na Lei de protección e benestar dos animais de compañía de Galicia.

5.3- En materia de Muller e Igualdade:

- a) Muller: inclúe centro de información á muller e casa de acollida.
- b) Políticas de igualdade.

**6.- Delegar no concelleiro don **Telmo Manuel Ucha Álvarez** en relación coa Área de **SEGURIDADE CIDADÁ** :**

- a) A tramitación e resolución de expedientes sobre licenzas para a entrada de vehículos; reserva de estacionamento para carga e descarga de mercadorías de calquera clase na vía pública, así como a modificación de esta, a súa transmisión, renuncia e revogación.
- b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de vaos.

**7.- Delegar na concelleira dona Ana María Fernández Morenza en relación coa Área de ECONOMÍA E FACENDA :**

- a) O recoñecemento de obrigas, excepto en materia de gastos de persoal.
- b) En relación aos ingresos de natureza non tributaria: a aprobación das liquidacións e padróns correspondentes, así como os actos resolutorios nos procedementos de recadación e xestión en vía voluntaria en relación aos mesmos.
- c) Revisión de prezos.
- d) Aprobación de liquidacións de empresas concesionarias.
- e) Anticipos de caixa fixa e pagos a xustificar.
- f) Colocación de excedentes de tesouraría.
- g) Devolucións de ingresos de carácter non tributario.
- h) Aprobación de contas xustificativas de subvencións concedidas.
- i) Aceptación de cesións a título gratuito de bens inmobles e dereitos.

**8.- Delegar no concelleiro don Armando Ojea Bouzo en relación coas Áreas de :**

**8.1- PROMOCIÓN ECONÓMICA :** As de carácter xenérico.

**8.2- MOBILIDADE E TRANSPORTE**

A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, a concesión de licenzas de taxi, a súa transmisión e revogación, cambios de vehículo, concesión de permisos de condutor; e, incoación e resolución de expedientes en materia de transporte público de viaxeiros).

**9.- Delegar no concelleiro don Antonio Fernández Martín, en relación coas Áreas de :**

**A/- ÁREA DE ADMINISTRACIÓN XERAL E LOXÍSTICA**

As de carácter xenérico.

**B/- AREA DE IMPULSO EDUCATIVO**

- A aprobación das listaxes provisional e definitiva de solicitudes de concesión e revocación de prazas para actividades desenvolvidas e convocadas pola Área de Educación.

**C/ PROMOCIÓN ECONÓMICA**

En materia de **comercio**:



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

- a) A concesión de autorizacións de uso común especial normal ou ocupación das vías públicas, así como réxime sancionador (inicio e resolución) e a declaración da súa caducidade nos seguintes supostos:
  - Instalación de mesas, veladores, cadeiras, sombrillas, xardineiras, mamparas ou calquera outro tipo de separador para uso hosteleiro.
  - Incoación, concesión ou revogación de autorizacións para a venda ambulante (agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas dos barrios de Ourense).
- b) A adopción de medidas cautelares.
- c) O exercicio da potestade sancionadora pola venda na vía pública fóra de establecementos comerciais permanentes.
- d) A concesión de autorizacións de postos de venda nos mercados municipais: Praza de Abastos nº 1 e Praza de Abastos nº 2.
- e) Publicidade en Mupis na vía pública.
- f) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano, (inclúese especificamente a tramitación, concesión, ou revogación de licenzas para venda ambulante, agás as que estean vinculadas á celebración de festas organizadas ou coorganizadas polo Concello e ás festas dos barrios de Ourense).
- g) A concesión de autorizacións para actividades varias que impliquen a ocupación temporal de dominio público e que non estean atribuídos de forma expresa a outro departamento municipal (a título de exemplo: mesas informativas, actividades recreativas e artísticas temporais na vía pública, actividades promocionais e outras de semellante natureza).
- h) A aprobación das listaxes provisional e definitiva das solicitudes de niños empresariais.

**10.- Delegar na Alcaldía** en relación coas seguintes áreas:

**10.1- RECURSOS HUMANOS:**

- a) A xestión do persoal.
- b) O desenvolvemento da xestión económica, incluíndo a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas; así como a disposición de gastos para anticipos de haberes ó persoal.
- c) Despido do persoal laboral.
- d) Aprobación de bases das convocatorias de selección e provisión de postos de traballo.
- e) Réxime disciplinario e as demais decisións en materia de persoal que non estean expresamente atribuídas a outro órgano.
- f) Calquera outra decisión en materia de persoal non atribuída expresamente a outro órgano.
- g) O exercicio das atribucións de xestión da negociación colectiva no ámbito do Concello de Ourense, comprendendo as seguintes facultades:
  - A representación do Concello na Mesa Xeral de Negociación.
  - A facultade de convocar ás organizacións sindicais integrantes da Mesa Xeral para a realización de reunións, de oficio ou a petición destes.

- A facultade de propoñer a negociación de pactos e acordos en calquera materia suxeita a negociación colectiva, así como a de negociar calquera proposta formulada polos suxeitos lexitimados, sen prexuízo da necesidade, para a súa aprobación e efectividade, da posterior ratificación dos pactos ou acordos acadados polos órganos municipais competentes en cada caso.

No exercicio das súas facultades de xestión da negociación colectiva, o Alcalde estará asistido polo Coordinador Xeral de Administración Municipal e o Director Xeral de Recursos Humanos, así como por calquera outro órgano directivo ou funcionario municipal que estime oportuno, que asistirán, cando sexan requiridos pola Alcaldía, con voz pero sin capacidade decisoria, ás sesións da Mesa Xeral de Negociación. Igualmente, poderán asistir á Mesa Xeral de Negociación o resto de concelleiros delegados, cando consideren que a negociación afecte a materias da súa competencia, sen prexuízo de que a representación da Administración municipal corresponda á Alcaldía.

## 10.2- CONTRATACIÓN

- En materia de **contratación**:

- 1.- A adopción da totalidade dos actos de trámite e resolución nos procedementos de contratación suxeitos ao disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, agás os seguintes actos:
  - a) Os relativos á contratación menor, que corresponderán á Alcaldía ou aos concelleiros–delegados por razón da materia, conforme ao apartado primeiro, letra c) deste acordo.
  - b) Os actos de aprobación dos expedientes de contratación e aprobación dos pregos de cláusulas económico – administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares, así como as súas modificacións.
  - c) A adxudicación de contratos de concesión de servizos e concesión de obras públicas, así como a adxudicación dos contratos de servizos á cidadanía previstos no artigo 312 da Lei de Contratos do Sector Público.
  - d) A adxudicación dos contratos nos que os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor representen máis do 25 % da puntuación total posible.
  - e) A aprobación da modificación e prórroga dos contratos.
- 2.- En todo caso, na delegación de atribucións entenderanse incluído o exercicio das seguintes facultades:
  - 2.1.-A aprobación dos reaxustes de anualidades en contratos plurianuais.
  - 2.2.-A autorización do gasto nos procedementos de contratación pendentes de licitación, negociación ou adxudicación cuxos expedientes foran aprobados en exercicios anteriores pola Xunta de Goberno e cuxa dotación orzamentaria se incorpore ao exercicio correspondente.

## 10.3- OBRAS PÚBLICAS E SERVIZOS URBÁNS

- a) A concesión de calquera tipo de licenza, salvo que a lexislación sectorial lla atribúa expresamente a outro órgano (inclúe, entre outras, as licenzas de canalizacións e acometidas de servizos e infraestruturas básicas)





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

- b) Expedientes de devolución de fianzas constituídas en materia de ocupación temporal da vía pública por obras de canalización na vía pública.
- c) A aprobación dos proxectos de obras.
- d) O exercicio da potestade sancionadora para a incoación e resolución do procedemento sancionador por infraccións derivadas da aplicación das ordenanzas municipais referidas á Área.

#### **10.4- ARTES E FESTEXOS**

##### **En materia de Artes e Festexos:**

- a) A tramitación e adopción de acordos, incluída a adxudicación e a designación do persoal municipal responsable do contrato, nos expedientes de contratos de natureza artística que se tramiten por procedemento negociado.
- b) A tramitación e resolución de expedientes para a obtención de autorización ou o título habilitante que proceda para a instalación, actividade e ocupación da vía pública de titularidade municipal, de conformidade coa normativa sobre espectáculos públicos e actividades recreativas da Xunta de Galicia, referida a festas organizadas ou coorganizadas polo Concello de Ourense e ás festas dos barrios de Ourense (inclúe escenarios, barracas, atraccións de feira, casetas e postos de venda ambulante e semellantes vinculados á actividade festiva).
- c) Autorizacións para a utilización do Auditorio Municipal e dos espazos expositivos dependentes da Concellería de Cultura.

**TERCEIRO.-** No suposto de delegación de competencias por decreto da Alcaldía pola ausencia do/a titular dunha Concellería durante un período determinado de tempo, o concelleiro nomeado asumirá todas as competencias da Área de goberno municipal correspondente -tanto as xenéricas como as específicas- delegadas pola Xunta de Goberno local no concelleiro titular por apartados anteriores. De cada decreto de delegación daráselle conta á Xunta de Goberno local na primeira sesión que teña lugar e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o mesmo día da súa sinatura.

**CUARTO.-** As delegacións contidas neste acordo poderán modificarse ou revogarse, total ou parcialmente pola Xunta de Goberno local, en calquera momento de conformidade co establecido nos artigos 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e 116 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROF).

**QUINTO.-** A Xunta de Goberno local poderá avogar para si, mediante acordo motivado, o coñecemento dun ou varios asuntos en materias delegadas nos concelleiros, cando circunstancias de índole técnica, económica, social ou xurídica o fagan conveniente, sen que elo supoña unha alteración das delegacións de competencias e atribucións efectuadas, de conformidade co previsto nos artigos 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e 116 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

**SEXTO.-** Nas resolucións que se adopten no exercicio das delegacións conferidas pola Xunta de Goberno local, farase constar expresamente esta circunstancia e a data deste acordo.

**SÉTIMO.-** Notificarlle persoalmente o presente acordo aos designados. A delegación para ser eficaz requirirá a súa aceptación por parte do delegado. Entenderase aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación do acordo o concelleiro destinatario da delegación non fai manifestación expresa diante do órgano delegante de que non acepta a delegación.

**OITAVO.-** Deste acordo daráselle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Ourense e da Casa do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende a data da súa adopción.

**NOVENO.-** Revogar os anteriores acordos de delegación de competencias da Xunta de Goberno local, en canto resulten incompatibles co presente.

**DÉCIMO.-** Contra este acordo que pon fin a vía administrativa, poderase interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou ben, recurso contencioso- administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Ourense, sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outro recurso que se estime procedente.

O Concello Pleno deuse por informado.

#### **4.- Posta en coñecemento do informe de Tesouraría sobre o período medio de pago correspondente ao mes de marzo de 2022.**

### **INFORME DE TESOURERÍA**

#### **1.- NORMATIVA APLICABLE:**

A lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais, incorporou ó noso ordenamento xurídico a Directiva 200/35/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, de 29 de xuño de 2000.

Transcorridos 5 anos dende a vixencia da citada norma, fíxose necesario a súa adaptación ós cambios producidos no entorno económico e modificación para que sexa aplicable, tanto no ámbito da empresa privada, como no do sector público. Esta modificación levouse a cabo coa Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.

O artigo cuarto da citada norma establece:



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

“3.- Os Tesoureiros ou, na súa falta, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigacións de cada Entidade local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

4.- Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, devandito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.”

O Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira”.

Con este Real Decreto dáse cumprimento ó que establece a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira, tras a reforma operada pola Lei Orgánica de Control da Débeda no Sector Público, que introduce o concepto de período medio de pago (PMP), como expresión do volume da débeda comercial, e establece a obriga de que todas as Administracións Públicas o apliquen e fagan público.

O obxectivo principal é contribuír a erradicar a morosidade das Administracións Públicas e controlar a débeda comercial, evitando a acumulación de atrasos no pago de facturas ós provedores.

A citada norma ten sido modificada no que se refire á **metodoloxía do cálculo do PMP** polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Como expón a información emitida polo propio Ministerio de Facenda, trátase con esa modificación de reforzar o cumprimento da normativa europea en materia de loita contra a morosidade, quedando a nova metodoloxía alineada coa normativa nacional, que traspón as directivas comunitarias, iniciándose o cómputo dos prazos, con carácter xeral, dende a aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, en lugar do criterio que se aplicaba ata a data, no que o inicio do prazo de cómputo producíase dende os 30 días seguintes á entrada da factura no rexistro administrativo.

A nova **metodoloxía do cálculo do PMP** non permite que o dato resultante tome valor negativo si a Administración paga antes de trinta días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

### 2.- INFORME:

Establece o Real Decreto 635/2014, modificado polo Real Decreto 1040/2017, unha metodoloxía económica común para o cálculo do período medio de pago a provedores,

período medio que ven a medir o atraso no pagamento da débeda comercial en termos económicos.

Así, calcularase un período medio de pago global a provedores que comprenderá o de todas as entidades incluídas no artigo 2 da LO 2/2012 e, o período medio de pago de cada entidade. Para o cálculo do período medio de pago o Real Decreto precisa as facturas que deberán ser tidas en conta e sinala, expresamente, aquelas que deberán ser excluídas. Estes cálculos, no caso das Corporacións Locais incluídas no ámbito subxectivo dos artigos 111 e 135 do TRLRFL aprobado por RDL 2/2004, de 5 de marzo, será mensual.

A metodoloxía establecida para o cálculo do período medio de pago a provedores é a seguinte:

**Artigo 4: “Cálculo do período medio de pago global a provedores”**

$$\text{período medio de pago global a provedores} = \frac{\sum (\text{período medio de pago de cada entidade} * \text{importe operacións da entidade})}{\sum \text{importe operacións das entidades}}$$

“Se entenderá por importe de las operacións da entidade o importe total de pagos realizados e de pagos pendentes nos termos indicados nos artigos seguintes”

**Artigo 5 (do RD 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo RD 1040/2017, de 22 de decembro): “Cálculo do período medio de pago de cada entidade”**

1.- Aos efectos do cálculo do período medio de pago global ao que se refire o artigo anterior, o período medio de pago de cada entidade calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{período medio de pago} = \frac{\text{rateo operacións pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio operacións pendentes de pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}}$$

2.- Para os pagos realizados no mes, calcularase o cociente das operacións pagas de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{rateo das operacións pagadas} = \frac{\sum (\text{número de días de pago} * \text{importe da operación pagadas})}{\text{Importe total de pagos realizados}}$$

Entenderase por número de días de pago, os días naturais transcorridos desde:

a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administración.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data de pago material por parte da Administración.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigação de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.

No caso das facturas que se paguen con cargo ao Fondo de Liquidez Autonómico ou con cargo á retención de importes a satisfacer polos recursos dos réximes de financiamento para pagar directamente aos provedores, considerarase como data de pago material a data da proposta de pago definitiva formulada pola Comunidade Autónoma ou a Corporación Local, segundo corresponda.

**3.** Para as operacións pendentes de pago ao final do mes calcularase a cociente de operacións pendentes de pago de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{rateo de operacións pendentes de pago} = \frac{\sum (\text{número de días pendentes de pago} * \text{importe da operación pendente de pago})}{\text{Importe total de pagos pendentes}}$$

Entenderase por número de días pendentes de pago, os días naturais transcorridos desde:

- a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados.
- c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o último día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura recíbese con posterioridade á aprobación da conformidade.

Nos supostos nos que non haxa obrigação de dispoñer de rexistro contable, tomarase a data de recepción da factura no correspondente rexistro administrativo.”

Lémbrese que o concello de Ourense ten establecido o procedemento de conformidade de facturas para todos os bens ou servizos prestados polo que lle son de aplicación os apartados a) e b) de cada un dos supostos de cálculo do rateo de operacións pagadas e pendentes de pago

Aplicando a metodoloxía establecida no citado Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, modificado polo Real Decreto Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os períodos medios de pago resultantes no mes de MARZO de 2022 son:

	Concello	Consello Municipal de Deportes (*)
Rateo de operacións pagadas	36,67	11,44
Importe de operación pagadas	1.743.329,84 €	153.019,89 €
Rateo de operacións pendentes de pago	76,99	63,75
Importe de operacións pendentes de pago	7.211.589,09 €	135.724,57 €
PMP de cada entidade	69,14	36,03
<b>Período medio de pago global a provedores</b>	<b>68,11</b>	

(\*) datos proporcionados polo administrador do CMD, xúntase documentación xustificativa

No cálculo dos períodos medios de pago, tal e como establece o artigo 3 do Real Decreto 635/2014, só se terán en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas e as certificacións de obra aprobadas dende a esa data. Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñen a consideración de Administracións Públicas no ámbito da contabilidade nacional, así mesmo, quedan excluídas as obrigas de pago que foron obxecto de retención dende esta Tesourería como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos similares ditados por órganos xudiciais ou administrativos.

Tendo en conta que o período medio de pago global resultante no Concello para o mes de MARZO de 2022 é de **68,11** días, estase a **incumprir** o prazo previsto na Lei 15/2010, de 5 de xul55,011o, de modificación da Lei 3/2004, de 29 e decembro, pola que se establecían as medidas de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

A Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, establece no artigo 10: “Os *órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto ás facturas pendentes de recoñecemento de obrigas, que serán dirixidos aos órganos competentes*”.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

Tendo en conta o sinalado, achégase como ANEXO I ó presente informe, copia do requirimento efectuado no mes de MARZO de 2022 dende esta Tesourería ós servizos municipais que teñen facturas sen tramitar no rexistro de facturas que tiveron entrada no rexistro xeral do Concello con antigüidade superior a 30 días, (sexa por non estar devoltas, correctamente conformadas ou por presentar algún tipo de defecto subsanable polo servizo esixido dende a Intervención), no que se solicita, á vista dos prazos establecidos pola normativa vixente para a aprobación das facturas, procedan a realizar as actuacións pertinentes que permitan a tramitación do recoñecemento das obrigas.( ANEXO I-1). Nº expediente Cividas 2022012067 que se recolle o importe total das operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de MARZO de 2022 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Concello.( ANEXO II-1 e ANEXO II-2)

Como **ANEXO III**, achégase os informes de detalle e resume xerados polo programa de contabilidade no que se recollen as operacións pagadas e as pendentes de pago correspondentes ó mes de MARZO de 2022 que xeraron os rateos e período medio de pago resultante para o Consello Municipal de Deportes, enviados a esta Tesourería dende o Organismo Autónomo.

O Concello Pleno deuse por informado.

**5.- Posta en coñecemento do informe trimestral de facturas sen tramitar do 1º trimestre do 2022.**

**INFORME DE TESOURERÍA**

**INFORME TRIMESTRAL DE FACTURAS SEN TRAMITAR 1º TRIMESTRE 2022**

Expediente cívicas: 2022002910

Fundamentos xurídicos:

- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

*Artigo 9. Creación do rexistro contable de facturas.*

*1. “Cada un dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta Lei, disporán dun rexistro contable de facturas que facilite o seu seguimento, cuxa xestión corresponderá ao órgano ou unidade administrativa que teña atribuída a función de contabilidade”.*

*Artigo 10. Actuacións do órgano competente en materia de contabilidade*

*“Os órganos ou unidades administrativas que teñan atribuída a función de contabilidade nas Administracións Públicas:*

*1. Efectuarán requirimentos periódicos de actuación respecto das facturas pendentes de recoñecemento de obrigaón, que serán dirixidos aos órganos competentes.*

*2. Elaborarán un informe trimestral coa relación das facturas con respecto aos cales transcorresen máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigaón polos órganos competentes. Este informe será remitido dentro dos quince días seguintes a cada trimestre natural do ano ao órgano de control interno”.*

Consideracións de carácter xeral:

O rexistro contable de facturas é un instrumento clave para a mellora nos procedementos contables, a través do control contable rigoroso das facturas recibidas pola Administración, aos efectos de mellorar o control da morosidade.

**Dende o 1 de xaneiro de 2014 é obrigatorio que tódalas facturas que se expidan polos servizos prestados ou bens entregados, calquera que sexa o seu soporte, sexan obxecto de anotación no rexistro contable de facturas**, que está integrado co sistema de información contable do Concello e cuxa xestión corresponde á Tesourería Municipal.

Por iso, tódalas facturas recibidas no rexistro administrativo deben ser remitidas ao rexistro contable de facturas para a súa anotación nos termos establecidos pola Lei 25/2013, de 27 de decembro.

As facturas anotadas no rexistro contable de facturas serán distribuídas ou postas a disposición dos correspondentes servizos ou áreas, conforme á identificación que destes figura nas facturas, a efectos de realizar, se procede, o procedemento de conformidade coa entrega do ben ou prestación do servizo realizada.

No rexistro contable de facturas van anotándose os distintos estados da factura, desde a súa recepción e rexistro, pasando pola aceptación ou, no seu caso o rexeitamento e a súa devolución, as anulacións ou rectificacións e, no seu caso a aprobación da conformidade e recoñecemento da obrigaón, a contabilización da obrigaón recoñecida e e do seu pago. Isto, permite que o rexistro contable de facturas convértase nun instrumento clave para o seguimento do cumprimento dos compromisos de pago, á vez que un medio de informar a quen presentase a factura, sobre o seu estado de tramitación.

Á vista do exposto, por esta Tesourería Municipal, remítese á Intervención Municipal o presente informe trimestral coa relación das facturas con respecto as cales transcorreron máis de tres meses desde que foron anotadas e non se efectuou o recoñecemento da obrigaón polos órganos competentes.





**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

Achégase como ANEXO I ao presente informe, listaxe das facturas rexistradas desde 01/01/2014 ata 25/01/2022 que aínda non foron tramitadas e, por tanto, transcorreron máis de tres meses dende a súa anotación.

O Concello Pleno deuse por informado.

**6.- Posta en coñecemento do informe de Intervención sobre resolución de discrepancias pola Alcaldía-Presidencia correspondentes ao exercicio económico do 2021.**

**Asunto: Informe sobre resolución de discrepancias pola Alcaldía-Presidencia correspondentes ao exercicio económico do 2021.**

Exp.: 2022016774

Ref.: 28-22

*1.- Marco normativo*

De conformidade co disposto no artigo 218 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na redacción efectuada pola Lei 27/2013, do 17 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local :

*“ O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.*

*O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria. O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.*

*Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o Presidente da Entidade Local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.*

*O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, se é o caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local.”*

No que atinxe ao momento temporal, o artigo 15 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo o que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local, precisa que con ocasión da dación de conta da liquidación do orzamento, o órgano

interventor elevará ao Pleno o informe anual de toda as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados

## 2.- Consideracións xurídicas

O exercicio da función fiscalizadora atópase regulada nos artigos 213 e ss. do Rd. lex. 2/04, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante TRLRFL), comprensiva, entre outras funcións, da intervención crítica ou previa de todo acto, documento ou expediente susceptible de producir dereitos ou obrigas de contido económico.

No contexto da fiscalización dos expedientes de gasto, cómpre salientar que a función fiscalizadora permite á Intervención municipal paralizar a tramitación dun determinado expediente mediante a formulación dunha nota de reparo, sempre que concorra algunha das seguintes circunstancias (art. 12 Real Decreto 424/2017, do 28 de abril):

- a. Cando o gasto propóñase a un órgano que careza de competencia para a súa aprobación.
- b. Cando se apreciaren graves irregularidades na documentación xustificativa do recoñecemento da obriga ou non se acredite suficientemente o dereito do seu perceptor.
- c. Cando se omitiran requisitos ou trámites que puidesen dar lugar á nulidade do acto, ou cando a continuación da xestión administrativa puidese causar quebrantos económicos á Tesourería da entidade local ou a un terceiro.

Nestes supostos, cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este, corresponderá á Alcaldía-Presidencia a resolución das discrepancias, sendo a súa resolución executiva e indelegable (art. 217 TRLRFL), quedando a Intervención municipal obrigada a elevar informe ao Pleno da Corporación sobre tódalas resolucións adoptadas polo Presidente da entidade local contrarias ós reparos formulados, ase como un resumo das principais anomalías en materia de ingresos (art. 218 TRLRFL).

As anomalías detectadas pola Intervención municipal nos expedientes de gasto do exercicio económico do 2021 sometidos á súa fiscalización preceptiva, e que determinaron unha paralización temporal dos procedementos de gasto incoados, foron as que se relacionan no Anexo I (resolucións adoptadas contrarias a reparos formulados) e Anexo II (omisións do trámite de fiscalización previa)

O Concello Pleno deuse por informado.

## **7.- Parte resolutiva.**

### **7.1 Proposta de nomeamento de presidente e secretaria do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense.**



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

A oficial maior dá conta do ditame da Comisión de Pleno ordinaria do 29 de abril de 2022 que, por unanimidade dos concelleiros asistentes, ditamina favorablemente a proposta da Alcaldía, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou o seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.-** Prorrogar o nomeamento de Luis María Bermúdez de la Puente Villalba, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Ourense, como Presidente do Tribunal Económico-Administrativo, por un período de catro anos.

**Segundo.-** Prorrogar o nomeamento de Ana María Guerra Villamarín, Secretaria-Interventora da Administración Local con Habilitación Nacional, como Secretaria do Tribunal Económico-Administrativo, por un período de catro anos.

### **7.2 Aprobación dos días festivos non recuperables para o ano 2023.**

O secretario dá conta do ditame da Comisión de Pleno ordinaria do 29 de abril de 2022 que, por unanimidade dos concelleiros asistentes, ditamina favorablemente a proposta da Concellería de Artes e Festexos, que se incorpora ao expediente.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou o seguinte **ACORDO**:

1.- Declarar, como días festivos no Concello de Ourense para o ano 2023, con carácter retribuído e non recuperables, os seguintes:

- 21 de febreiro.- Martes de Entroido.
- 11 de novembro.- San Martiño (sábado)

2.- Remitir á Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria o acordo que se adopte.

**7.3 Moción de Manuel Álvarez Fernández, concelleiro non adscrito, relativa á convocatoria de pleno extraordinario de control e fiscalización do alcalde de acordo co artigo 63 do Regulamento Orgánico de goberno e organización, do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamación do Concello de Ourense, por incorporar remanentes sen o informe preceptivo da Intervención municipal.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

El 14 de enero de este año se solicita por la delegada de Hacienda la Incorporación de remanentes de crédito con número de expediente 2022001553 (1-R), sin la **preceptiva liquidación del ejercicio 2021**.

El día 26 de enero, el oficio de la Intervención Municipal que hace referencia a dicho expediente **indica textualmente:**

*"- Certificación da existencia de remanentes de crédito no exercicio do 2021 que se tentan incorporar ao exercicio do 2022. Esta certificación deberá ser expedida para cada aplicación orzamentaria ao nivel de vinculación xurídica dos créditos vixente no exercicio precedente. Neste sentido, cómpre advertir que segundo o disposto na Regra 19 da Instrucción de contabilidade para a administración local, aprobada por Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, cando se tramiten expedientes de incorporación de remanentes de crédito, cómpre achegar certificacións da existencia destes remanentes no exercicio anterior. Esta certificación só se pode expedir sobre os saldos de remanentes de crédito clasificados como incorporables. Interesa o peticionado non só a esixencia dunha correcta instrucción do expediente administrativo, senón tamén evidenciar incorporacións de remanentes inexistentes, tal e como se manifestou na tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes núm. 3-R/21 ( Civas 2021007569 ), 8- R/21 ( Civas 2021024247 ) e 10-R/22 ( Civas 2021092749 ), todo elo en relación coa prevención contida no artigo 20 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo o que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, consonte co cal "...o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando este en disposición de que se dicte acordo polo órgano competente."*

Lo mismo ocurre el:

- 21 de enero con el expediente 2022002812 (2-R)
- 4 de febrero con el expediente 2022002944 (3-R)
- 22 de febrero con el expediente 2022006359 (4-R)
- 8 de marzo con el expediente 2022006547 (5-R)
- 17 de marzo con el expediente 2022008626 (6-R)
- 11 de **abril** con el expediente 2022010335 (7-R)
- 18 de abril con el expediente 2022006547 (8-R)
- 12 de **abril** con el expediente 2022011340 (9-R)

Y el 19 **de abril** con el **expediente 2022013481 (10-R)** el oficio de la Intervención Municipal, que hace referencia a dicho expediente **indica textualmente:**

*Recibido expediente de Incorporación de Remanentes número 10-R/2022, por importe de 4.125.062,98 euros, procédese a súa devolución co gallo da subsanación de cartas prevencións, a xuízo da Intervención municipal, contrarias á una axeitada conformación do expediente administrativo, de falto particular :*

*- Certificación da existencia de remanentes de crédito no exercicio do 2021 que se tentan incorporar ao exercicio do 2022. Esta certificación deberá ser expedida para cada aplicación orzamentaria ao nivel de vinculación xurídica dos créditos vixente no exercicio precedente.*

*Con respecto á reiterada negativa a inserir as certificacións solicitadas nos sucesivos expedientes de incorporación de remanentes tramitados polo Órgano de Xestión Orzamentaria e que acadan á data de realización deste oficio, un monto global cercado aos 19.000.000,00 autos no exercicio económico en curso, a Intervención municipal efectúa as seguintes consideracións :*



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

**Primeira.** - A esixencia de reflectir na tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes de crédito, certificacións da existencia destes remanentes no exercicio anterior, non é unha ocorrencia da Intervención municipal senón unha esixencia que contempla a Regra 19 da Instrución de contabilidade para a administración local, aprobada por Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro. A partir de aí, invocar as bases de execución do orzamento para tentar evitar esta esixencia normativa carece de sentido algún, porque as bases de execución do orzamento non substitúen a lexislación aplicable en materia de xestión orzamentaria, senón que a desenvolven e complementan, polo que calquera, non só a Intervención municipal senón calquera outro órgano que deba informar o expediente, poda esixir o cumprimento das prevencións legais aplicables, con independencia da súa traslación ás bases de execución do orzamento.

**Segunda.**- As listaxes da contabilidade que se insiren no informe con proposta de resolución, ou no seu caso, en anexos ao citado informe, non serven aos fins pretendidos pola norma en orde a acreditar a existencia de remanentes de crédito no exercicio anterior, por dous motivos fundamentais, a saber, por unha banda, porque o exercicio do 2021 non está pechado e polo tanto a contabilidade pode mudar as listaxes provisionais que se achegan, e por outra banda, porque non están subscribidos polo responsable da levanza da contabilidade no Concello de Ourense. En calquera caso, tentar equiparar unha listaxe contable a un certificado expedido polo órgano encargado da dirección contable, resulta cando menos preocupante, porque ambos documentos son esencialmente diferentes, tanto no referente á súa configuración como á súa propia eficacia xurídica.

**Terceira.**- A petición que se formula dende a Intervención municipal responde non só á esixencia dunha correcta instrución do expediente administrativo, senón tamén para poder evidenciar incorporacións de remanentes inexistentes, tal e coma se manifestou na tramitación dos expedientes de incorporación de remanentes núm. 3-R/21 ( Civas 2021007569 ), 8-R/21 ( Civas 2021024247) e 10-R/21 ( Civas 2021032749 ), tramitados todos eles no exercicio precedente.

**Cuarta.**- A falta de colaboración coa Intervención municipal debe ser posta de manifestó porque supón unha vulneración do artigo 222 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, en concordancia co disposto no artigo 10 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo o que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, consonte co cal "...o órgano interventor recibirá o expediente orixinal completo, unha vez reunidos todos os xustificantes e emitidos os informes preceptivos, e cando este en disposición de que se dicte acordo polo órgano competente."

A maior abastanza, cómpre salientar que os expedientes de incorporación de remanentes estanse a tramitar sen o informe preceptivo da Intervención municipal, extremo xa de por si irregular e anómalo porque convirte os acordos administrativos en anulables, pero que ademais cabra especial relevancia porque dun somero exame das incorporacións efectuadas no exercicio económico do 2022, cabe advertir incorporacións de remanentes previamente incorporados procedentes do exercicio económico do 2020, sen que tiveran a condición de remanentes vinculados a unha fonte de financiamento alleo ao propio Concello ( remanentes que se denominan afectados ) e polo tanto en contra da prohibición expresa contemplada no artigo 47 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, e con cargo ao Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais, sen esperar ademais ao peche do exercicio anterior, isto é, sen ter aprobada, ou no seu caso, debidamente confeccionada a liquidación do exercicio anterior, de xeito tal, que bótase man dun recursos para o financiamento de incorporación de remanentes can cargo a recursos xerais, sen a previa determinación do seu quantum, así como da súa propia dispoñibilidade coa conseguinte infracción da normativa de xestión orzamentaria.

**Quinta.**- Da praxis administrativa descrita e observada, tendo en conta a especial transcendencia das súas consecuencias, darase conta pola Intervención municipal deste modus operandi, con ocasión do expediente de aprobación da liquidación do exercicio económico.

A la vista de este último oficio del Interventor Municipal **cabe incidir en lo siguiente:**

- Reiteradamente el interventor solicita certificación por cada aplicación presupuestaria, y lo único que le está contestando el alcaide es que *es urgente* la **incorporación de dicha**

**partida**, ya que efectivamente no está todavía cerrado el ejercicio. **Basándose en las bases de ejecución presupuestaria** que de ninguna manera sustituyen a la legislación aplicable.

- Difícilmente se puede entender que existen remanentes en el ejercicio anterior si la persona responsable de llevar la contabilidad del **Concello no emite certificación de dicha situación**. No sirven los listados contables.

- **Ya hay un precedente** de incorporaciones de remanentes inexistentes en el ejercicio anterior.

- Hay un monto global cercano a los **19.000.000,00 de euros, cerca del 20% del presupuesto total del Concello**, y más, con presupuestos prorrogados y con posibles mermas de ingresos.

Ante esta **grave situación**, que afecta muy directamente a la situación económica / financiera de este Concello, más si cabe, al no existir ningún informe de seguimiento de estas aplicaciones, con fecha 27 de abril la concejala María del Mar Fernandez Dibuja, solicitó al alcalde por registro 2022006686 el **estado de ejecución presupuestaria a dicha fecha del Concello**, a efectos de analizar cualitativa y cuantitativamente cada una de las partidas, que puedan originar dichos remanentes, en función de toda la información que tiene en su poder, derivada tanto de su gestión al principio del mandato en las concejalías que dirigía, como de la **participación activa en la elaboración del presupuesto** actualmente prorrogado.

Por todo lo expuesto, consideramos que un principio democrático fundamental, es que la oposición pueda llevar a cabo el control y fiscalización del alcalde de este Concello y para ello, **planteamos la convocatoria de un Pleno Extraordinario**,

Para hacer efectivo este control es ineludible que **el alcalde dé respuesta a una serie de preguntas sobre esta situación**, en la que parece que da prioridad a demostrar su eficacia ante unas próximas elecciones municipales, (de ahí sus prisas) aún a costa de cometer irregularidades económico / financieras en el Concello, que afectan muy directamente a los ciudadanos ourensanos, ya que **pueden ser intervenidas judicialmente** obras empezadas y no acabadas.

Al alcalde le corresponde responder de forma personal y directa a todas las preguntas y requerimientos que los concejales, como representantes democráticos de la ciudadanía, le **quieran hacer**.

Esta es la motivación de la convocatoria de Pleno extraordinario de control y fiscalización: que el alcalde responda de manera efectiva y clara a todas las pregunta, requerimientos y dudas que pudieran plantearle los representantes municipales, especialmente los de la oposición.

A tal efecto, el artículo 63 del Reglamento Orgánico y de Funcionamiento del Concello de Ourense permite a la oposición la convocatoria de Pleno Extraordinario a solicitud de la cuarta parte del número legal de concejales, que deberá ser convocado en el plazo de quince



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

días hábiles y con las condiciones señaladas en el número dos del citado artículo 63. En otro caso, quedará automáticamente convocado para el décimo día hábil siguiente a la finalización de dicho plazo, a las 12 horas.

**Los asuntos que propongo incluir en el Orden del día se refieren a tres aspectos del Pleno.**

**En primer lugar**, es necesario aprobar el propio desarrollo de la sesión plenaria de carácter extraordinario, haciendo hincapié en que el alcalde debe responder de forma personal y directa a todas y cada una de las preguntas e interpelaciones que le sean formuladas, o presentadas por los distintos integrantes de la Corporación.

Los portavoces de los grupos municipales y los concejales no adscritos dispondrán de dos turnos de intervenciones tal con los tiempos previstos en el propio ROF del Concello de Ourense. Al finalizar cada turno el alcalde deberá responder a los portavoces y concejales no adscritos, de forma individual a cada uno de ellos. Esta propuesta de desarrollo del Pleno será expuesta, debatida y votada.

**En segundo lugar**, se tratará el asunto propiamente objeto de Pleno: preguntas de los grupos municipales y concejales no adscritos sobre el anómalo e **irregular procedimiento de incorporar el remanente de tesorería del Concello**. Antes de pasar al tercer asunto, se dispondrá de un receso del Pleno por tiempo 30 minutos. En este tiempo se presentarán las **propuestas de resolución** por los concejales.

**En tercer lugar**, presentación de propuestas de Resolución que deberán ser presentadas por los concejales proponentes y debatidas en un único turno de intervenciones por cada grupo municipal o concejales no adscritos, de igual forma que se hace con las Mociones. A continuación del debate de cada propuesta de Resolución se procederá a su votación por el Pleno.

### **ORDEN DEL DIA DEL PLENO EXTRAORDINARIO DE CONTROL Y FISCALTZACION DEL ALCALDE**

1.- Propuesta de desarrollo del presente Pleno: presentación de la propuesta, debate y votación de la misma, en los términos que aparecen en la justificación del Pleno.

2.- Control y fiscalización al alcalde sobre el anómalo e irregular procedimiento de incorporar el remanente de tesorería del Concello: intervenciones de los grupos municipales, concejales no adscritos, preguntas, requerimientos y respuesta personal del alcalde.

3.- Propuestas de Resolución que sean presentadas al Pleno por los distintos grupos municipales y concejales no adscritos, una vez finalizado el punto n ° 2 del Pleno: debate y votación de las mismas. La presentación y debate de las propuestas de Resolución seguirá el mismo procedimiento que el previsto en el ROF para las mociones.

**Por todo** lo expuesto, en aplicación del Artículo 65 del Reglamento Orgánico y de Funcionamiento del Concello de Ourense, **propongo al Pleno, la adopción del siguiente ACUERDO:**

"Los concejales del Concello de Ourense que apoyen con su voto esta moción, se comprometen a presentar formalmente, en el mismo día en el que resulte aprobada por el Pleno, la correspondiente solicitud del Pleno Extraordinario con el contenido de esta moción".

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Manuel Álvarez Fernández, concelleiros non adscritos; e once votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou a seguinte **ACORDO:** Aprobar a moción.

#### **7.4 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á mellora das condicións dos traballadores das oficinas de Rexistro e Estatística.**

##### **Exposición de motivos:**

A relación dos cidadáns coa Administración Local comeza a través do Rexistro Xeral dos concellos, peza crave para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións que moitas veces acaba converténdose na primeira barreira burocrática pola falta de axilidade dos procesos administrativos.

No caso de Ourense os traballadores das oficinas de Rexistro Xeral e Estatística levan meses desbordados ante as interminables filas de cidadáns indignados que teñen que esperar ata tres horas na rúa, baixo as inclemencias do tempo, para realizar trámites moi sinxelos e que, en moitas ocasións, as colas acaban provocando alteracións nos cidadáns que repercuten no traballo dos funcionarios poñendo en risco a súa integridade física polo que a presenza da Policía local ou seguridade privada nestas dependencias sería unha boa medida de seguridade.

Así mesmo, é urxente realizar melloras telemáticas que axuden a axilizar os procesos de tramitación como por exemplo: unha máquina de expedición de certificados de empadramento e instancias así como a instauración do sistema dixital de cita previa. Unha medida que o alcalde de Ourense, Gonzalo Pérez Jácome, prometeu implantar tras a Semana Santa de 2021 afirmando que *“tres programadores do Centro de Intelixencia Artificial están na última fase dunha aplicación que provera dun número ao cidadán co fin de que poida ser atendido de forma máis eficaz”*, pero que tras un ano non se fixo realidade.





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Desde Ciudadanos lamentamos que non se aproveitase todo este tempo, porque se algo deixou patente a crise do coronavirus, son as deficiencias na prestación de servizos de atención das administracións que foron postos a proba como nunca antes, conseguindo que a cidadanía perciba unha Administración Local saturada, desbordada e con escasos recursos humanos desde a crise de 2010, cando se deixaron de cubrir as taxas de reposición de funcionarios públicos en servizos de tramitación e xestión, decisión que agora revélase nefasta, e que deixa ao descuberto as carencias de eficacia, eficiencia, transparencia e equidade.

Neste sentido, é necesario que se tomen medidas urxentes como o aumento do número de funcionarios que existe actualmente neste servizo ademais da implantación dun sistema de atención rotatorio, ben por días ou semanas, e crear un retén para cubrir baixas ou vacacións para dar un mellor servizo aos cidadáns, máis próximo e eficaz.

Outro problema co que nos atopamos é a fenda dixital como expresión dunha nova forma de exclusión social. Por máis que sexa certo que as novas tecnoloxías e os servizos de telecomunicacións supuxeron a solución para moitos dos problemas que ocasionou o confinamento da poboación, non é menos certo que esta situación permitiunos comprobar que estamos moi lonxe de alcanzar os estándares mínimos que demanda a nova sociedade da información, especialmente en poboacións envellecidas, que non contan coas ferramentas nin a formación necesaria para realizar trámites telemáticos e aos que tampouco se lles dá outra alternativa.

Esta falta de capacidade de reacción e adaptación ás novas necesidades xa a vimos noutros ámbitos o cal revela unha incapacidade crónica por parte deste goberno para dar solucións rápidas e eficaces aos problemas dos ourensáns polo que cremos moi necesario adoptar as seguintes medidas.

### **Proposta para a súa aprobación:**

*1.- Instar ao Goberno local a mellorar as condicións dos traballadores das oficinas de Rexistro Xeral e Estatística para facer máis sinxelo e eficaz o servizo de atención aos cidadáns mediante as seguintes propostas:*

- *Implantar un sistema de cita previa e unha máquina de expedición de certificados*
- *Instaurar un sistema de atención rotatorio entre os traballadores e un retén para cubrir baixas e vacacións*
- *Dotar con seguridade policial ou privada as dependencias da Praza Maior e Avda. Das Caldas.*

O Pleno do Concello, por vinte e dous votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja, de don Manuel Álvarez Fernández e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourenzana, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

## **7.5 Moción do Grupo Municipal de Ciudadanos relativa á subida dos prezos dos carburantes, o gas e a electricidade.**

### **Exposición de motivos:**

No último ano, o encarecemento da factura das distintas fontes de enerxía tivo graves consecuencias sobre a economía e a sociedade española. É indubidable o gran impacto que causou a invasión rusa sobre Ucraína no mercado da enerxía, levando ao máximo os prezos da luz, o gas e o petróleo, pero este terrible suceso non vén máis que agravar unha situación que xa era insostible.

A primeira crise de prezos producíase no mercado da electricidade, cuxa senda de subida iniciouse en xaneiro de 2021 coa borrasca Filomena e non parou de escalar, alcanzando cada día prezos históricos, que manteñen a súa factura a niveis prohibitivos. O prezo da electricidade no mercado almacenista situouse, para o luns 7 de marzo, en 442,54 euros o MWh, o que supón unha subida de máis do 17% respecto ao día anterior, no que foi o seu prezo máis alto desde que existen rexistros. No que vai de mes, o prezo medio da electricidade sitúase en 340,43 euros/ MWh, máis de 100 euros por encima que a media rexistrada en decembro pasado.

Á súa vez, o prezo da luz está condicionado polo prezo do gas, que está desbocado nos últimos tempos. A crise estrutural das canles de subministracións alxerino e ruso, agravouse coa escalada do conflito en Ucraína, provocando unha alza incontrolada no custo do gas. O temor a unha interrupción de subministración do gas ruso elevou un 40 % de media, nos últimos días, os prezos enerxéticos europeos. Nos últimos cinco anos, as importacións rusas representaron un terzo da subministración de gas a Europa. Con todo, no que vai de 2022 baixaron a só o 17%. O gas europeo marcou unha nova marca histórica o pasado 9 de marzo e pechaba o día por encima dos 215 euros cun forte pico de 345. Esta fonte de enerxía era, nestes días, doce veces máis cara que en 2021.

Por último, o petróleo. O barril de Brent, que marca a referencia para o petróleo no mercado europeo, chegou a alcanzar nestes días picos de 139 dólares (uns 127 euros), un prezo que non se viu nos últimos 14 anos. Se o miramos desde o pasado ano a subida é espectacular, xa que o prezo do petróleo case se triplicou nun ano: pasou dos 50,3 dólares de principios de 2021 ás cifras actuais. A día de hoxe, o litro de gasolina de 95 octanos custa de media en España 2 euros por litro, mentres que o caso do gasóleo alcanza unha media de 1,8 euros o que supón unha subida de máis do 30% respecto ás mesmas datas do ano pasado. Con todo iso, encher o depósito do coche sitúase hoxe en 100 euros de media.

Esta crise enerxética demostra que os paradigmas expostos ata a data, en canto á dependencia enerxética, deixaron de ter vixencia e ofrécenos unha importante lección: a aposta por un cambio de modelo enerxético pasa polas enerxías renovables, a fin de asegurar unha maior autonomía económica de terceiros países, agora ben, a transición ecolóxica debe ser sostible, económica e social. Hai que reconsiderar o papel da enerxía nuclear como unha enerxía de apoio fundamental tanto na transición como parte do noso



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

futuro sistema enerxético e investir fortemente en investigación para o desenvolvemento de tecnoloxías de almacenamento a gran escala para que esas renovables poidan cubrir as nosas necesidades enerxéticas.

Os países da nosa contorna mostráronse moi sensibles e activos fronte ao incremento desmedido dos prezos da enerxía. Alemaña reduciu á metade o imposto que se carga sobre o prezo da electricidade e que serve para financiar renovables, coa intención de que desapareza na segunda metade do ano. O Estado tamén ofreceu un paquete de axudas de 130 millóns de euros aos fogares con menos rendas. Italia reduciu do 22 ao 5 % o IVE do gas na factura de todos os consumidores. Ademais, borrou os cargos do sistema da factura eléctrica de 29 millóns de consumidores domésticos e 6 millóns de pequenos negocios.

O Goberno de Eslovaquia anunciou que conxelarán o prezo da enerxía eléctrica ata o 2024. O MWh non poderá subir dos 61,21 euros, excluindo o custo regulatorio e de distribución. O primeiro ministro de Polonia, confirmou unha baixada histórica de impostos para facer fronte á inflación. Así, o 1 de febreiro entrou en vigor o maior recorte de impostos da historia do país. O IVE do combustible baixou do 23 ao 8% e o do gas eliminouse ao pasar do 8 ao 0% (en xaneiro xa pasara do 23 ao 8%). Por outra banda, o IVE dos alimentos básicos e dos fertilizantes tamén se eliminou, ao pasar do 5 e o 8%, respectivamente, ao 0%.

En España, o pasado decembro, o Consello de Ministros aprobou a Real Decreto-lei 29/2021, do 21 de decembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito enerxético para o fomento da mobilidade eléctrica, o autoconsumo e o despregamento de enerxías renovables, entre as que se atopa a prórroga das fiscais xa adoptadas durante este último trimestre do ano para aliviar a factura da luz. Por tanto, prolóngase ata o 30 de abril de 2022 a redución ao 10% do IVE na factura eléctrica dos consumidores con ata 10 kW de potencia contratada. Ata esa mesma data, os beneficiarios do bono social eléctrico manterán os seus descontos de entre o 60 e o 70% do seu consumo. O Imposto Especial sobre a Electricidade (IEE) seguirá ata o 30 de abril no 0,5%, o mínimo autorizado pola normativa europea, mentres que o Imposto que grava cun 7% o Valor da Produción da Enerxía Eléctrica (IVPEE) permanecerá suspendido ata o 31 de marzo.

A partir de aí, no peor momento da crise de prezos, o goberno central non volveu a atender as necesidades máis perentorias dos seus cidadáns. Ao contrario, desde o Ministerio de Facenda, indirectamente, a través das recomendacións do Comité de Expertos para a Reforma do Sistema Tributario -foro promovido polo propio Ministerio como coartada á subida xeneralizada das figuras impositivas do noso sistema fiscal-, está a propoñerse, de maneira incomprensible, unha subida do Imposto sobre o Valor Engadido a todos os niveis e unha subida substancial sobre os hidrocarburos, en particular sobre o gas natural e os carburantes.

Neste sentido, o presidente do Goberno, Pedro Sánchez anunciou hai semanas unha rebaixa de impostos para os carburantes. Tanto para os transportistas profesionais como para os usuarios privados. E que esa medida estaría plasmada no Plan Nacional que se aprobaría o 29 de marzo, pero días despois, desde ese mesmo Goberno cambiouse o

discurso e a fiscal xa non é a vía principal na que se traballa. O motivo: que o Executivo entende que *"unha redución de impostos non garante unha rebaixa dos prezos"*. Os cidadáns españois non merecen un goberno incapaz de facer fronte a unha nova e brutal crise económica.

Desde Ciudadanos consideramos indispensable que para facer fronte á actual situación, débese profundar en medidas que moderen a actual crise de prezos das distintas fontes de enerxía, prolongando as xa iniciadas sobre a electricidade e ampliando as actuacións aos mercados do gas e a gasolina.

Desde o Concello de Ourense, ademais de reivindicar a baixada de impostos podemos expor propostas que teñan un impacto directo no peto dos ourensáns ante o enorme desafío que a invasión de Ucraína vai ter na vida diaria, como a gratuidade do transporte público durante o próximos tres meses para que os ourensáns que utilizan o seu propio vehículo e, ante o gran impacto dos prezos, opten por usar o transporte urbano así como ampliar o abono xoven ata os 30 anos.

Tamén consideramos indispensable retomar a proposta do Goberno local para rebaixar o imposto de vehículos de tracción mecánica en Ourense un 40 %, pasando o coeficiente de aplicación ao 1, que é o mínimo legal permitido, e que foi rexeitada por tres dos cinco concelleiros non adscritos, os nove do PSOE e os dous do BNG presentes no pleno extraordinario do Concello de Ourense convocado o pasado mes de xullo.

Finalmente, cremos que é necesario poñer o foco no potencial da xeotermia que ten a cidade para converterse, a longo prazo, na principal fonte de enerxía. Neste sentido, a Xunta de Galicia presentou un proxecto para converter A Ponte en referente europeo de sustentabilidade tras un investimento de 20 millóns ata 2020 e que catro anos despois segue sen ver a luz.

### **Proposta para a súa aprobación:**

*1.- Instar á Xunta de Galicia para que, á súa vez, inste o Goberno da Nación para aplicar o tipo superreducido de Imposto sobre o Valor Engadido do 4% na factura da luz, gas e carburantes.*

*2.- Instar á Xunta de Galicia a retomar o proxecto ecobarrio da Ponte.*

*3.- Instar ao Goberno local a instaurar a gratuidade do transporte público durante tres meses ante o incremento do prezo dos carburantes.*

*4.- Instar ao Goberno local a ampliar o abono xoven do transporte público ata os 30 anos.*

*5.- Instar ao Goberno local a retomar a proposta para rebaixar o imposto de vehículos de tracción mecánica.*



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

O Pleno do Concello, por nove votos a favor do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e quince abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE e do Grupo Municipal do Partido Popular, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto un.

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dez abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto dous.

O Pleno do Concello, por seis votos a favor do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dezaoto abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto tres.

O Pleno do Concello, por seis votos a favor do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e dezaoto abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto catro.

O Pleno do Concello, por cinco votos a favor e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; dous votos en contra do Grupo Municipal do BNG; e dezasete abstencións do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiras non adscritas, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar o punto cinco.

**INCIDENCIAS.-** De conformidade co disposto no artigo 86.2.h) do Regulamento Orgánico de Goberno e Organización do Pleno e a Comisión Especial de Suxestións e Reclamacións do Concello de Ourense faise constar que o Sr. Seara Fernández na primeira intervención utilizou un dispositivo telefónico que situou xunto ao micrófono co obxecto de ser escoitado polos asistentes, pero que non queda recollido na acta ao non se tratar dunha intervención prevista no citado precepto regulamentario.

**7.6 Moción do Grupo Municipal de Democracia Ourensana relativa á candidatura da cidade de Ourense como sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.**

## EXPOSICION DE MOTIVOS

O pasado xoves 24 de marzo o Boletín Oficial do Estado (BOE) publicaba o Real Decreto 209/2022, de 22 de marzo, aprobado en Consello de Ministros. Neste Real Decreto, establécese o procedemento para a determinación das sedes físicas das entidades pertencentes ao sector público institucional estatal e se crea a Comisión consultiva para a determinación das sedes. Esta norma detalla como se determinará o termo municipal no que se ubicará a sede física das novas entidades do sector público institucional estatal e os novos departamentos ou subsedes dependentes de entidades xa existentes.

Entre as novas entidades, destaca a Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial. Recollida na lei 2/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, este órgano *“encargarase do desenvolvemento, supervisión e seguimento dos proxectos enmarcados dentro da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, así como aqueles impulsados pola Unión Europea, en particular os relativos ao desenvolvemento normativo sobre intelixencia artificial e os seus posibles usos”*.

Tras coñecerse a nova norma, transcendía estes días a intención da Xunta de Galicia de solicitarlle ao goberno central que a comunidade autónoma acolla a sede deste novo organismo.

O alcalde de Ourense, D. Gonzalo Pérez Jácome, xa manifestou o seu decidido apoio a esta reclamación e postulou a cidade de Ourense como sede do novo órgano, avanzando a vontade da Alcaldía de pór a disposición desta iniciativa as instalacións do centro municipal de La Molinera, onde desenvolve a súa actividade o centro de intelixencia artificial do Concello de Ourense.

Por tanto, avogamos por aproveitar deste xeito a inercia creada por ese centro e a aposta firme do Concello pola intelixencia artificial e as súas aplicacións para o futuro da cidade e de Galicia.

Establece o Real Decreto nas súas Disposicións Xerais que, entre outros, *“atenderanse a criterios de cohesión social e territorial, a mellora no funcionamento dos servizos públicos, os niveis de desemprego ou a loita contra a despoboación”*. Nesa liña entendemos que sería unha medida de xustiza, tanto para Galicia coma para a cidade de Ourense, vendo a paliar, que non a corraxir, o grave problema de esquecemento e o conseguinte desequilibrio territorial de Galicia para con España e de Ourense para con Galicia. Temos unha boa oportunidade ante a inmediata creación deste novo organismo que tanto Galicia como Ourense non deberiamos deixar pasar.

Por estes motivos, Democracia Ourensana presenta ante o Pleno do Concello de Ourense a adopción do seguinte

### ACORDO

1. Apoiar a candidatura da cidade de Ourense como sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

**Emenda presentada pola concelleira non adscrita, María del Mar Fernández Dibuja**

**EMENDA DE ENGÁDEGA:**

**TEXTO PROPOSTO:**

2.- Crear unha Comisión Municipal composta por representantes da totalidade do Pleno, para regular a candidatura da cidade de Ourense como sede da futura Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial.

**NOVA REDACCIÓN FINAL:**

1.- Apoyar la candidatura de la ciudad de Ourense como sede de la Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial.

2.- Crear una Comisión Municipal composta por representantes de la totalidad del Pleno, para regular la candidatura de la ciudad de Ourense como sede de la futura Agencia Española de Supervisión de Inteligencia Artificial.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiras non adscritas; e once votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a emenda.

En consecuencia queda aprobada a moción coa emenda presentada pola concelleira non adscrita, María del Mar Fernández Dibuja.

**7.7 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para ubicación en Ourense da sede da Axencia Española de Intelixencia Artificial e doutros órganos do sector público institucional e estatal e autonómico.**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O Goberno central presidido por Pedro Sánchez está inmerso nunha necesaria e nova estratexia de desconcentración e descentralización de órganos do sector público institucional estatal. Un dos entes a situar fóra da capital do Estado será a Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial (AESIA), clave para o noso presente e o noso futuro polas súas funcións estratéxicas. De feito, os Orzamentos Xerais de 2022 xa contemplan a súa creación.

Este órgano encargarse de supervisar todos os procesos de intelixencia artificial e os algoritmos que actúan en España e que afectan, especialmente, ao funcionamento dos servizos fundamentais do sector público e tamén á vida diaria de todos os cidadáns e cidadás. Unha vez en funcionamento, a AESIA terá independencia orgánica e funcional, polo que poderá adoptar decisións de forma obxectiva, transparente e imparcial. Ademais, terá personalidade xurídica pública, patrimonio propio e autonomía integral na súa xestión.

Unha das súas misións máis relevantes da AESIA será adoptar medidas dirixidas á minimización de riscos sobre a seguridade e saúde das persoas, así como de protección dos dereitos fundamentais que poidan derivarse do uso irregular de sistemas de intelixencia artificial. Tamén procederá ao desenvolvemento e seguimento de todos os proxectos da Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial, en consonancia coas directrices establecidas a nivel europeo para todos os membros da UE.

A través dos medios de comunicación, recentemente soubemos que a Xunta decidiu reclamar a ubicación deste organismo estatal na nosa comunidade, xa que Galicia é unha das poucas administracións autonómicas que desenvolveu unha estratexia propia en materia de intelixencia artificial.

A ubicación destes órganos ao longo de todo o territorio será decidida mediante procedementos xustos, en base a criterios equitativos e independentes. Estes criterios inclúen, entre outros, a cohesión social e territorial; a mellora no funcionamento dos servizos públicos; os niveis de desemprego ou a loita contra o despoboamento.

Así o confirma o Real Decreto 209/2022 que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal, mediante o que tamén se crea a comisión consultiva para determinar estas sedes físicas, unha norma xa en vigor que posibilita a desconcentración inmediata de entes existentes ou de nova creación.

A cidade de Ourense cumpre sobradamente os requisitos para acoller esta axencia e outros organismos análogos, tanto do sector público estatal como da comunidade galega. Os e as socialistas consideramos imprescindible que os gobernos galego e estatal aposten de inmediato pola provincia española con maiores problemas demográficos durante o último século. Resulta evidente que a implantación da AESIA –ou doutros órganos administrativos relevantes– en Ourense sería un pulo para a economía e a demografía ourensá.

O reto demográfico ao que nos temos que enfrontar é unha cuestión de loita contra a desigualdade e a inxustiza. O proceso de recuperación e reversión da grave situación actual nos territorios afectados polo despoboamento, debe fundamentarse nun compromiso compartido, no que todas as administracións públicas e axentes sociais asuman parte da súa responsabilidade nun proceso que, no fondo, afecta ao conxunto da sociedade.

Está comprobado que afondar na descentralización de actividades e infraestruturas nos territorios que non son capital administrativa estatal ou rexional, contribúe a frear esta





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

tendencia poboacional negativa e a xerar innovación e emprego de calidade, así como a impulsar sinerxias transversais na actividade económica.

Estamos pois ante un asunto que ten que ver co centralismo económico e co poder, que pode ser fundamental para o futuro destes territorios con problemas. As dinámicas creadas polos empregados e empregadas públicos, as empresas que traballan coas administracións e todos os seus servizos auxiliares e transversais, benefician claramente ás localidades onde están asentadas as institucións. Incluso contribúen a incrementar considerablemente a renda dispoñible da súa veciñanza.

Situar organismos que dependen de ministerios ou consellerías en cidades distintas a Madrid e Santiago de Compostela non é un debate novo, pero si está moi vivo ante a novidosa estratexia de descentralización impulsada polo Goberno central e tamén polas decisións de algúns executivos autonómicos.

Na Comunidade Valenciana, o goberno ubicou en Alacante a Consellería de Innovación, Universidade, Ciencia e Sociedade Dixital. As axencias valencianas de ordenación do territorio e a ferroviaria están en Elx e Torrent respectivamente e a Dirección Xeral de Turismo en Benidorm. En Murcia, a Consellería de Presidencia, Turismo e Deportes está en Cartaxena.

Euskadi distribúe órganos propios nas tres provincias vascas, por exemplo, a televisión autonómica. Nas Illas Canarias o seu estatuto determina unha capitalidade compartida entre As Palmas e Santa Cruz de Tenerife; unha alternancia das sedes da presidencia e a vicepresidencia ou unha dobre sede do seu tribunal superior de xustiza.

A Unión Europea tamén é un exemplo de descentralización e desconcentración: o Parlamento ten dobre sede en Bruxelas (Bélxica) e Estrasburgo (Francia); o Banco Central está en Alemaña; o Tribunal de Xustiza en Luxemburgo e as axencias da UE están repartidas polos estados membros, entre eles, España. Mesmo Galicia conta cunha destas altas institucións comunitarias: a Axencia Europea da Pesca en Vigo.

A pesar de que xa hai institucións estatais fóra da capital de España, o Goberno central quere afondar na descentralización da súa estrutura, a través deste plan específico que permitirá beneficiar ás zonas especialmente afectadas polo despoboamento. E, para iso, o executivo puxo en marcha o plan de medidas do Goberno ante o reto demográfico, que pon o seu foco no “reforzo dos servizos públicos e o impulso da descentralización” con accións concretas nun dos seus eixos.

Sen embargo a Xunta non ten ningunha consellería ou organismo relevante fóra de Santiago, onde concentra o 80 % da súa estrutura. E tampouco manifestou intención de facelo. Por iso, desde o PSdeG-PSOE defendemos que a administración galega debe seguir os pasos adoptados pola administración central e iniciar tamén un proceso de descentralización e desconcentración dos seus órganos e entes, poñendo o seu foco no maltratado e marxinado interior de Galicia e non no hipervitaminado Eixo Atlántico.

Os e as ourensáns non podemos quedar á marxe deste proceso. Estamos nunha provincia historicamente maltratada, cunha importante carencia de investimentos e cunha ausencia inaudita de órganos, institucións ou industrias froito de descentralización. Só podemos citar unha excepción: a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, creada en 2008 polo executivo de José Luis Rodríguez Zapatero, con competencias intercomunitarias en tres comunidades.

Ourense está inmerso nun grave carrusel de regresión demográfica, xa que, nas últimas catro décadas, perdeu 128.000 habitantes. Un proceso destrutivo que se agudizou nos últimos lustros cunha sangría poboacional non vista en ningún outro territorio da UE, sen que ninguén fixera aínda nada efectivo para reverter esta situación.

Ante esta situación, desde o PSdeG-PSOE de Ourense consideramos urxente adoptar solucións unánimes. Estamos ante un problema nuclear para a nosa cidade e para a nosa provincia. E, por iso propoñemos demandar á Xunta que ubique na nosa cidade a sede da Axencia Española de Supervisión de Intelixencia Artificial, que está a reclamar ao Goberno central. Os problemas demográficos e a inminente implantación no campus universitario das Lagoas do grao e do máster en Intelixencia Artificial, tamén son factores determinantes que deixan claro que somos o lugar máis axeitado.

Precisamos accións inmediatas baseadas nunha discriminación positiva real como a descentralización de órganos do sector público institucional estatal, así como de outros entes ou institucións da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDOS**:

1. Instar ao Goberno de España a afondar nas políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas, instalando en Ourense a sede de organismos da Administración Xeral do Estado ou das súas entidades adscritas ou dependentes, no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía.
2. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que reclame para Ourense a sede da Axencia Estatal de Supervisión da Intelixencia Artificial en base ao estipulado no Real Decreto 209/2022, que establece o procedemento para a determinación das sedes físicas de entidades do sector público estatal e no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía.
3. Instar ao goberno da Xunta de Galicia a que inicie de inmediato a execución de políticas de descentralización de actividades administrativas e infraestruturas públicas no marco de reto demográfico, coa finalidade de fixar poboación e impulsar a economía, instalando en Ourense a sede de órganos da administración galega ou das entidades instrumentais do sector público autonómico.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

*As moción 7.5 e 7.11 da orde do día debátense conxuntamente, procedendo á súa renumeración.*

O Pleno do Concello, por unanimidade dos presentes, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**7.8 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para solicitar ao goberno local a posta en marcha dun programa piloto de prevención da ludopatía, recuperar as concellerías de Xuventude e Voluntariado dotándoas de persoal e programación e proceder á reapertura urxente do espazo Lusquiños da mocidade.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A xuventude e as súas inquedanzas e demandas son para nós, e deberían ser tamén para o actual goberno municipal, un eixo fundamental das súas políticas. Pero parece ser máis ben todo o contrario, e máis aínda dende a chegada da pandemia sanitaria, que pasou a ser o pretexto perfecto para pretender xustificar a súa inxustificable inacción.

**O peche indefinido do Espazo Lusquiños da Mocidade, a desaparición de calquera tipo de actividade ou programa dirixido á xente moza, ou o desmantelamento total das concellerías de saúde, cultura, xuventude, voluntariado (entre outras), fixeron que agora mesmo o papel do Concello de Ourense sexa totalmente nulo de cara a esta ampla franxa da poboación.**

Esta iniciativa responde á actualidade dos últimos meses e tamén ás necesidades urxentes que nos obrigan a actuar para tratar de evitar máis decisións arbitrarias que danen a nosa institución e ocasionen máis prexuízos á cidadanía, precisamente a aqueles que representan o noso futuro.

Sería moi necesario a posta en marcha na nosa cidade dun programa piloto de prevención de ludopatías, unha das adiccións que máis aumentou nos últimos anos. Este programa, que xa se iniciou noutras provincias galegas en colaboración cos centros de ensino, estaría centrado especialmente nas **apostas deportivas e o xogo online** (que experimentaron un notable incremento durante a pandemia e seguen a mantelo), que segundo recentes estudos superan xa incluso ao xogo nas chamadas máquinas “tragaperras” entre a xuventude, e que son xa o principal motivo das consultas nos últimos anos a asociacións ou especialistas.

**É un deber das institucións concienciar á xuventude dos importantes riscos que entrañan estas novas modalidades de xogo, que en moitos casos destrúen as vidas das persoas e das súas familias.** Xa no anterior mandato, dende o grupo municipal socialista presentamos iniciativas vencelladas precisamente a realizar campañas informativas e de sensibilización sobre as adiccións en xeral, e especialmente na ludopatía. Nada se fixo nin por parte do Partido Popular nin de Democracia Ourensana.

Dende o inicio deste mandato, dende a oposición vimos denunciando reiteradamente tamén o desmantelamento de determinadas concellerías municipais, Xuventude e Voluntariado son un par de exemplos, aínda que por desgraza, hai moitos máis. Todos coinciden coa animadversión que suscitan no actual rexidor Jácome estes servizos, e na súa obsesión de derivar funcionarios de donde sexa para desmantelar determinadas concellerías nas que non cree e polas que non aposta.

A **Concellería de Voluntariado** está baleira de persoal na actualidade e tamén de programación xa no último lustro. Nin tan sequera o confinamento e a pandemia da COVID-19 lles fixo ver aos dirixentes de PP e Democracia Ourensana a **gran importancia das redes de voluntariado municipais para axudar aos que máis o necesitan ante unha situación tan excepcional.**

Coa Concellería de Xuventude pasa máis do mesmo, de contar con 3 funcionarios a só ter un, rexeitando dende a Alcaldía propostas de actividades gratuítas que se teñen que celebrar con grande éxito en concellos veciños coma o de Barbadás (Xornadas Esports); e sen ningún tipo de programación para a xente moza, que ve como pasan os meses sen poder desfrutar do seu espazo de referencia: o Lusquiños. Incapaz o microgobierno de abril nas condicións axeitadas, e sen ningún interese en que isto suceda.

**Sen tampouco mostrar ningún tipo de sensibilidade en canto a temas que no seu día foron acordados pola actual corporación como o de favorecer o acceso da xente moza á vivenda no casco histórico ou a creación dunha tarxeta moza para o comercio local.**

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDOS:**

1. Instar ao Goberno Municipal a que poña en marcha un programa piloto municipal para a prevención de ludopatías a través da Concellería de Saúde.
2. Instar ao Goberno Municipal a que de maneira urxente se reactiven as Concellerías de Xuventude e Voluntariado, desmanteladas polo actual executivo, dotándoas do persoal suficiente para o seu funcionamento e de programación axeitada.
3. Instar ao Goberno Municipal a que adopte de maneira urxente as medidas oportunas para proceder a reapertura do Espazo Lusquiños da Mocidade no barrio da Ponte.

O Pleno do Concello, por vinte e un votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Ciudadanos, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; e tres abstencións do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou a seguinte **ACORDO:** Aprobar a moción.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

**7.9 Moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE para instar á Xunta de Galicia a adoptar todas as medidas necesarias para a reactivación urxente e posterior remate das obras de construción do novo Centro de Atención a Persoas con Discapacidade en Ourense.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A **Plataforma PROCAPD OURENSE** está constituída por nais e pais de nenos con discapacidade da provincia de Ourense, así como das distintas organización sindicais e políticas da provincia, que loitan pola creación dun Centro de atención a persoas con discapacidade (CAPD), de xestión pública, que integre Centro Residencial, Centro de Día e Prazas de Respirio Familiar, dende o ano 2016.

**A provincia de Ourense é a única da comunidade galega que non conta cun CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS CON DISCAPACIDADE público e de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e de respiro familiar.**

Na actualidade hai usuarios que están en centros públicos fora da nosa provincia, aos que os seus proxenitores e familiares desexarían ter en Ourense, sempre que sexa para un centro público e de xestión pública.

Hai rapaces que ao rematar a etapa escolar quedaron nas súas casas debido a que ir a un CAPD público obriga a desprazarse a outras provincias, o que supón romper o vínculo familiar, cuestión que fai de absoluta necesidade contar con prazas de respiro familiar adaptadas aos seus familiares, xa que na actualidade as prazas ofertadas en Ourense son en centros xeriátricos.

Cando as persoas dependentes con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral acaban a etapa escolar, teñen 21 anos, e para elas un CAPD vai ser o resto da súa vida, polo tanto, mércense un centro cunhas instalacións dignas e adaptadas as súas necesidades, que, como mínimo sexan como os das outras provincias galegas.

Co fin de solventar a discriminación á que se ve sometida non só a provincia de Ourense, senón tamén todos os familiares e persoas con discapacidade física, parálise cerebral e dano cerebral, a plataforma ProCAPD-Ourense concitou o apoio e a colaboración de todas as organizacións representativas da provincia, así como, máis de 50.000 sinaturas de apoio para a creación CAPD na provincia de Ourense.

**O compromiso de construción dun CAPD público de xestión pública, que integre centro residencial, centro de día e prazas de respiro familiar foi asinado o 19 de setembro de 2016 por todos os partidos políticos, e converteuse xa nunha demanda histórica despois de case 6 anos de promesas incumpridas, que fan que a día de hoxe aínda non se materializara.**

Despois de moitos retrasos, tanto na redacción do proxecto, ubicación axeitada do centro e adxudicación das obras, estas comezaron por parte da Xunta de Galicia en **outubro do ano 2020**.

O prazo de execución era de 18 meses, o importe da adxudicación era de 7,6 millóns de € e o fin da obra estaba previsto para marzo de 2022.

O **21 de novembro de 2020**, a conselleira de Política Social visitaba as obras en marcha do novo CAPD e aseguraba que “o centro estaría aberto no ano 2022”. Recordemos que no proxecto contéplase que sexa de 110 prazas (80 de carácter residencial e 30 de centro de día), que aumentaría o 35% prazas públicas (ata 426) en Ourense.

No mes de **setembro de 2021** parálzanse as obras de construción do novo CAPD en Barrocás por parte da UTE adxudicataria de ALEA e Proforma.

O **20 de febreiro de 2022** faise público que a Xunta de Galicia negocia coas empresas construtoras o sobrecoste de materiais, e xustifica a demora na execución das obras por este motivo. Nos orzamentos da Xunta de Galicia para este ano 2022 xa estaba incluído un mecanismo de revisión de prezos ante este tipo de eventualidades.

O **18 de marzo de 2022** coñécese que a Xunta de Galicia abriu un expediente para a rescisión do contrato das obras de construción do novo CAPD de Ourense. A consellería de Política Social estima que a inversión pendente é de 6,2 millóns de € e que subirá un 30% pola alza de materiais (só se executaron nun ano 1,4 millóns de € nas obras).

**Dende o PSdeG-PSOE de Ourense mantemos o compromiso firme de seguir apoiando ás familias e reivindicar solucións nas distintas institucións a través de distintas iniciativas perante a falta de información ao respecto e o abandono que sofren por parte da Xunta de Galicia e o PP; nun caso claro de deixación de funcións e ante un risco evidente de que esta nova dotación poida converterse noutra estrutura abandonada na nosa cidade.**

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDOS**:

1. Instar á Xunta de Galicia a que adopte de maneira urxente todas as medidas oportunas para a reactivación das obras de construción do novo CAPD de Ourense en Barrocás.
2. Instar á Xunta de Galicia a que emita un informe técnico sobre os motivos polos cales as obras de construción do novo CAPD de Ourense, que deberían estar finalizadas neste mes de marzo de 2022, acumularon todas esas demoras que derivan agora na paralización “sine die” da nova infraestrutura.
3. Instar á Xunta de Galicia a que presente á maior brevidade un novo cronograma de actuacións para o remate da construción do novo CAPD de Ourense.



**CONCELLO DE OURENSE**  
**SECRETARIA XERAL**

4. Instar á Xunta de Galicia a que garanta o seu compromiso económico para a execución e o remate completo das obras de construción do novo CAPD de Ourense no presente ano e posteriores exercicios de ser necesario.
5. Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa coa xestión pública e directa do futuro CAPD de Ourense.

**Emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular**

**EMENDA DE SUSBTITUCIÓN:**

**TEXTO INICIAL:**

1. Instar á Xunta de Galicia a que adopte de maneira urxente todas as medidas oportunas para a reactivación das obras de construción do novo CAPD de Ourense en Barrocás.
2. Instar á Xunta de Galicia a que emita un informe técnico sobre os motivos polos cales as obras de construción do novo CAPD de Ourense, que deberían estar finalizadas neste mes de marzo de 2022, acumularon todas esas demoras que derivan agora na paralización “sine die” da nova infraestrutura.
3. Instar á Xunta de Galicia a que presente á maior brevidade un novo cronograma de actuacións para o remate da construción do novo CAPD de Ourense.
4. Instar á Xunta de Galicia a que garanta o seu compromiso económico para a execución e o remate completo das obras de construción do novo CAPD de Ourense no presente ano e posteriores exercicios de ser necesario.
5. Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa coa xestión pública e directa do futuro CAPD de Ourense.

**SUSBTITUCIÓN:**

1. Instar á Xunta de Galicia a que finalice a redacción do proxecto, e priorice a súa posterior licitación e adxudicación, das obras pendentes de execución do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense, sen outra modificación, que a súa adaptación ao prezo do mercado, das partidas do proxecto aprobado no seu día, coa fin, de quen sesan rematados e entregados o antes posible.
2. Instar á Xunta de Galicia a garantir que o CAPD de Ourense sexa un centro público co 100% de prazas públicas.

**NOVA REDACCIÓN FINAL:**

1. Instar á Xunta de Galicia a que finalice a redacción do proxecto, e priorice a súa posterior licitación e adxudicación, das obras pendentes de execución do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense, sen outra modificación, que a súa adaptación ao prezo do mercado, das partidas do proxecto aprobado no seu día, coa fin, de quen sesan rematados e entregados o antes posible.
2. Instar á Xunta de Galicia a garantir que o CAPD de Ourense sexa un centro público co 100% de prazas públicas.

O Pleno do Concello, por dez votos a favor do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito; doce votos en contra do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiras non adscritas; e unha abstención do Grupo Municipal de Ciudadanos, adoptou a seguinte **ACORDO**: Rexeitar a emenda.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiras non adscritas; e once abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular, do Grupo Municipal de Democracia Ourensana e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

### **7.10 Moción do Grupo Municipal do BNG relativa á implementación do sistema de recollida de lixo “porta a porta” na zona histórica e á retirada de todos os contedores situados ao carón de monumentos e elementos patrimoniais.**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Resulta difícil pretender fotografar para o recordo monumentos da nosa cidade como a Catedral ou prazas fermosas e emblemáticas como a do Ferro, a de San Martiño ou a do Trigo por exemplo, sen que en ditas fotografías non aparezan contedores de lixo de diferente tipoloxía, cores ou mesmo estado de conservación.

A defensa e protección do patrimonio vai máis alá de intervencións de mantemento nos propios monumentos ou elementos patrimoniais a destacar senón que ten que ver coa conservación e a sensibilidade á hora de coidar o entorno no que se atopan.

Ante esta situación, resulta evidente que cómpre eliminar estes elementos das rúas da zona histórica da cidade e do lado de monumentos ou elementos patrimoniais. A súa retirada favorecería a estética xeral, contribuiría á mellora da salubridade ao tempo que ensalzaría aínda máis a monumentalidade de toda a zona.





## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Somos non obstante conscientes de que os contedores aos que nos estamos referindo cumpren cunha función elemental como é a de recoller o lixo que a veciñanza, comerciantes e mesmo visitantes xeran na zona, mais entendemos necesario mudar o sistema e implementar o que xa se desenvolve noutras cidades con gran éxito, o denominado sistema de recollida de lixo “porta a porta”.

Entendemos que é a mellor opción para toda a zona histórica da cidade pois como xa comentamos contribuiría a eliminar os antiestéticos contedores ao tempo que evitaría que a determinadas horas do día ou da noite, vexamos moreas de bolsas amontonadas nalgunhas rúas agardando a ser recollidas polos operarios da concesionaria namentres diversos tipos de roedores aproveitan para remexer entre o lixo acumulado.

Este sistema baséase principalmente na retirada casa por casa e comercio por comercio en bolsas e contedores pequenos en función do tipo de residuos, segundo un calendario semanal previamente establecido para cada unha das fraccións e nun horario previamente estipulado.

Mediante este sistema pódense recoller todas as fraccións domésticas e comerciais, conseguindo ademais recollidas específicas moi vantaxosas para comerciantes xa que consegue unha gran calidade e cantidade de material evitando os habituais problemas de desbordamento e colapso dos contedores presentes na vía pública.

Os resultados deste sistema son polo xeral superiores ao resto de mecanismos empregados, tanto no tocante á cantidade como na calidade da separación, algo no que afondaremos máis adiante.

Outro dato a ter en conta é que o sistema porta a porta é moi acaído para as zonas cunha baixa densidade poboacional, como por desgraza é o caso da nosa zona histórica, con algo máis de catro mil veciñas e veciños na actualidade.

Nestas zonas e segundo os estudos realizados, a identificación dos residuos é moito máis doada aínda que ben é certo que en zonas máis poboadas, a recollida a través de contedores comunitarios que as comunidades de veciños sacan nunha franxa horaria determinada e consensuada previamente co servizo de recollida tamén resulta ser moi beneficiosa e está en auxe.

Outra das vantaxes, e así o demostran os datos, é que contribúe a aumentar exponencialmente a reciclaxe doméstica xa que a recollida faise de xeito selectivo en función da tipoloxía do lixo. No caso concreto da cidade de Barcelona e pese as reticencias iniciais da veciñanza, lóxicas por outra banda cando falamos da implementación dun modelo que muda as nosas costumes, acadou cifras nada desdeñábeis.

O sistema porta a porta conseguiu incrementar a reciclaxe doméstica pasando dun 37 % a un 76 % e con casi un 80 % de participación. Estamos diante dun sistema implementado hai case vinteún anos en varias cidades de Catalunya e Euskadi e cuos resultados en todos os casos son moi positivos.

Outro gran aliciente de cara a veciñanza, é o feito de que o sistema porta a porta axuda a identificar mellor a tipoloxía de residuos que se xera en cada vivenda o que posibilita a implementación de sistemas fiscalizadores máis xustos á hora de determinar as taxas que a veciñanza ten que pagar polo servizo.

Falamos polo tanto de implicar á veciñanza directamente no tratamento dos residuos que como sociedade e como particulares xeramos, aumentando tamén a concienciación sobre a reciclaxe e sobre o feito de tomar conciencia da necesidade de optimizar e racionalizar os recursos do planeta, recursos que, en contra do que se poida pensar, son finitos, cuestión esta que desde logo non é menor.

Como administración pública, o Concello debe favorecer que a cidadanía participe máis activamente na separación e reciclaxe dos residuos que xera co obxectivo de tentar minimizar o seu impacto e mesmo a súa propia xeración.

Po último, indicar que outra das medidas que entendemos moi necesaria e que o sistema porta a porta facilitaría, é o de eliminar a maquinaria que opera na zona histórica nas madrugadas e sustituíla por un sistema de recollida manual, o que axudaría ao descanso tan necesario como merecido de toda a veciñanza, sobor de todo, naquelas zonas altamente saturadas de ruído por mor da afluencia masiva de persoas nas noites, principalmente, das fins de semana.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción dos seguintes

### **ACORDOS**

- 1.** Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a estudar a viabilidade da implementación do servizo de recollida de lixo “porta a porta” na zona histórica da cidade.
- 2.** Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense á retirada de todos os contedores situados ao carón de monumentos e elementos patrimoniais.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

**7.11 Moción do Grupo Municipal do BNG relativa a evitar o peche da única oficina bancaria existente a día de hoxe no barrio da Carballeira.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O vindeiro 11 de maio a única oficina bancaria da Carballeira, a de Abanca, pechará as súas portas, deixando sen servizo á clientela deste barrio. Terán que desprazarse a



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

oficinas bancarias situadas noutras zonas, con horarios de atención presencial limitados e nas que xa hai colas que provocan protestas e perdas de tempo á cidadanía.

A perda de oficinas bancarias está sendo constante nos barrios de Ourense, deixando sen servizo ou dificultando o acceso a boa parte da cidadanía, nomeadamente ás persoas maiores, persoas que non son nativas dixitais mais tamén aos pequenos comercios e aos pequenos empresarios. Un feito tan simple coma necesitar retirar efectivo, ou ingresar a recadación diaria, obriga a desprazarse e perder tempo nas colas. Os nosos veciños e as nosas veciñas pagan máis hoxe por ter peores servizos financeiros.

Estamos diante das consecuencias do proceso de concentración bancaria e da privatización das Caixas de Aforro, comezado polo PSOE e rematado polo PP. Estas naceron para facilitar a inserción financeira e para evitar a usura da banca privada. Desaparecidas, volvemos ao punto de partida, exclusión financeira dos colectivos que consideran non rendíbeis e usura polo cobro de abusivas comisións directas, por non contratar produtos, ou indirectas, pola contratación dos citados produtos.

Por outra banda está a destrución de emprego fixo que implican os peches de oficinas, tantos directos, persoal do banco, coma indirectos, persoal de limpeza, de seguridade e transporte de fondos entre outros.

Fronte a esta alarmante situación, o BNG ten presentado diversas mocións neste pleno, a última, en marzo de 2021 coma consecuencia do peche da oficina de Abanca na rúa San Rosendo no barrio da Ponte, sen que o Goberno Local teña realizado ningún tipo de xestión para garantir o dereito da veciñanza dos barrios a contar cuns servizos financeiros que a día de hoxe son indispensábeis tanto para a vida diaria como tamén para o tecido económico.

Por iso entendemos preciso que o Goberno Local estableza, con carácter de urxencia, negociacións con Abanca para tentar acadar o mesmo resultado que noutras poboacións afectadas polo anuncio de peches e que logo da intermediación municipal, non se executaron, manténdose a oficina aberta coma até agora, ou cando menos a tempo parcial determinados días á semana e deixando o caixeiro automático para aqueles veciños e veciñas que fan uso del.

Igualmente cómpre reclamar da Xunta de Galiza, que ten as competencias en materia de consumo, a regulación do tempo máximo de espera das persoas que reclaman atención presencial nos bancos, establecendo sancións para as entidades cando non se cumpra.

O peche da única oficina que a día de hoxe presta servizo no barrio da Carballeira non soamente merma o acceso da veciñanza a un servizo básico e esencial como é o sector financeiro senón que contribúe a marxinación dos barrios da cidade e a facelos menos atractivos de cara aos novos moradores pois a redución de servizos básicos supón un freo ao asentamento poboacional.

Entendemos que desde o Concello de Ourense, administración máis próxima ao cidadán e a cal debe velar tamén polos intereses xerais da cidade, ten que reclamar do resto de administracións e entidades privadas que prestan servizos básicos a mellora, o aumento e o reforzo dos mesmos a fin de garantir unha boa e ampla prestación ao conxunto da veciñanza.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal do BNG no Concello de Ourense solicita do pleno da corporación a adoción do seguinte

### **ACORDO**

**1.** Instar ao Goberno Local do Concello de Ourense a dirixirse á entidade bancaria Abanca para demandar o mantemento da oficina sita na rúa Marcelo Macías número 64 no barrio da Carballeira así como para expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos concelleiros asistentes, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.

### **8.- Mocións de urxencia.**

**8.1 Moción de urxencia do grupo municipal do PSdeG-PSOE para solicitar a dimisión inmediata do alcalde de ourense d. gonzalo pérez jácome, a condena rotunda desta corporación municipal pola súa agresión a unha muller sindicalista na concentración de protesta pola precaridade laboral dos traballadores e traballadoras do servizo de transporte urbano en ourense e a mediación urxente para a solución do conflito garantindo a mellora das condicións laborais das persoas exposición de motivos.**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Este martes 3 de maio daba comezo a folga indefinida dos traballadores e traballadoras do servizo de transporte urbano de Ourense que reivindicán que están a desenvolver o seu traballo en condicións precarias, con autobuses antigos estragados de fallos e avarías permanentemente, coa presión engadida de manter os horarios das liñas deseñadas para a cidade fai máis de 20 anos, e despois de 3 anos negociando un convenio colectivo de mellora das súas condicións laborais que acarrega unha importante perda de poder adquisitivo, sen garantías de cumprimento da súa xornada laboral de 8 horas ao día nin das 40 semanais, e sen melloras nin medidas a prol da conciliación no futuro convenio.



## CONCELLO DE OURENSE SECRETARIA XERAL

Esta é unha consecuencia máis da deriva da cidade, unha deriva que provocou que dende maio de 2015 esta concesión dun servizo esencial leve xa 7 anos en precario, sen pregos en marcha para a súa nova licitación a día de hoxe, sen previsión nin planificación de liñas de cara ao futuro, e cun abandono absoluto por parte do anterior goberno do PP de Jesús Vázquez e agora do PP con Jácome, os responsables da actual situación crítica que vivimos e que redunda en prexuízos tanto para as arcas municipais como para a veciñanza de Ourense, que conviven cun servizo fundamental de transporte impropio para o século XXI, e menos para a terceira cidade de Galicia.

O actual rexedor, responsable de mediar e achegar posicións para acadar un acordo que redunde nos beneficios das persoas traballadoras dun servizo dependente do Concello de Ourense, pospón esa mediación, non asume as súas responsabilidades nin a urxencia na toma de decisións, e fixa unicamente uns altos servizos mínimos para logo atacar aos empregados e empregadas da empresa concesionaria por non seren cumpridos na súa totalidade ao inicio da folga indefinida.

No decurso da concentración sindical de apoio aos traballadores e traballadoras da empresa este martes 3 de maio na Praza Maior, Jácome asiste á mesma e agride de maneira intolerable e vergoñenta a unha muller sindicalista ás portas da Casa do Concello, nunha actitude violenta, impropia e denunciante para un Alcalde que representa aos veciños e veciñas de Ourense, a terceira cidade de Galicia.

A gravidade dos feitos fala por si mesma, ao igual que a responsabilidade directa e indirecta do Partido Popular e dos seus máximos responsables a nivel galego e provincial, Alberto Núñez Feijóo, Alfonso Rueda e Manuel Baltar, que sistematicamente miran para outro lado en Ourense ante o que non son en ningún caso acontecementos illados nin que tampouco se poidan chegar a normalizar e moito menos permitir baixo ningún concepto na sociedade na que vivimos.

Dende o PSdeG-PSOE condenamos rotundamente os feitos acontecidos e solicitamos medidas urxentes e contundentes, por este motivo trasladamos a esta corporación municipal as seguintes propostas de acordo para garantir as liberdades, o respecto e a normalidade institucional, que en Ourense se vén dilapidando nos últimos 7 anos, e de xeito máis evidente, dende que o Partido Popular e todos os seus representantes decidiron colocar á fronte da Alcaldía do Concello de Ourense a Gonzalo Pérez Jácome.

Consideramos que non se debe tolerar nin un minuto máis esta situación polo ben da nosa cidade e dos veciños e veciñas de Ourense.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta neste Pleno, para a súa aprobación, as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDOS**:

1. A Corporación Municipal do Excmo. Concello de Ourense traslada o seu apoio total aos 126 traballadores e traballadoras do servizo de transporte urbano de Ourense na defensa dos seus dereitos e melloras laborais así como na reivindicación dos mesmos.
2. A Corporación Municipal do Excmo. Concello de Ourense condena rotundamente a agresión do Alcalde de Ourense D. Gonzalo Pérez Jácome a unha muller sindicalista no decurso da concentración motivada pola folga indefinida convocada no servizo de transporte urbano o día 3 de maio e trasládalle todo o seu apoio e respecto á agredida.
3. A Corporación Municipal do Excmo. Concello de Ourense solicita a dimisión inmediata de D. Gonzalo Pérez Jácome ante a gravidade dos feitos acontecidos o día 3 de maio ás portas do Concello de Ourense onde agrediu publicamente a unha muller sindicalista.
4. A Corporación Municipal do Excmo. Concello de Ourense solicita que dende o Goberno Municipal se exerza unha mediación urxente coa empresa concesionaria e os representantes dos traballadores e traballadoras para acadar unha solución ao conflito, na que se garanta a mellora das condicións laborais das persoas, e se poña fin á situación de folga indefinida, que repercute na veciñanza de Ourense que carece dun servizo esencial prestado nas debidas condicións.

O Pleno do Concello, por catorce votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido, de dona María del Mar Fernández Dibuja e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiros non adscritos; nove votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Municipal de Democracia Ourensana, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a urxencia.

O Pleno do Concello, por trece votos a favor do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, do Grupo Municipal do BNG, do Grupo Municipal de Ciudadanos e de dona María Teresa Rodríguez Garrido e de dona María del Mar Fernández Dibuja, concelleiras non adscritas; tres votos en contra do Grupo Municipal de Democracia Ourensana; e oito abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e de don Laureano Bermejo Ansia, concelleiro non adscrito, adoptou a seguinte **ACORDO**: Aprobar a moción.